

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 26 DE SETEMBRO DO 2022

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinte e seis de setembro do dous mil vinte e dous, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, D^a Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Victor Manuel Rodríguez López e D. Manuel Rodríguez Martínez.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero.

Interventor: Manuel Vázquez Fernández

Non asiste o concelleiro D. José Luis Losada Fernández.

ORDE DO DÍA:

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO 26 DE XULLO E Á SESIÓN DE 22 DE AGOSTO DO 2022.

Sométense a votación as actas do pleno de 26 de xullo e a acta de 22 de agosto, aprobándose por unanimidade.

**2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF).
Datas das Resolucións das que se da conta: do 20.07.22 ao 20.09.22.**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 20.07.2022 e o 20.09.2022.

PARTE RESOLUTIVA

3º.-APROBACIÓN EXPEDIENTE 43/22 SUPLEMENTO DE CRÉDITO NO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA 2022 FINANCIADO CON BAIIXAS POR ANULACIÓN DOUTRAS PARTIDAS.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 28 de marzo de 2022 o expediente núm. 17/2022 de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario por importe de 3.128.503,58 €, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais, e definitivamente o 28 de abril de 2022 ó non terse recibido alegación algunha ó expediente, coa publicación no BOP de Lugo núm. 096, co seguinte detalle:

<i>ESTADO DE GASTOS</i>		
<i>APLICACIÓN</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>SUPLEMENTO DE CRÉDITO</i>
<i>133.210.00</i>	<i>Sinalización horizontal de vías</i>	<i>60.000,00</i>
<i>1532.600.00</i>	<i>Adquisición terreos</i>	<i>100.000,00</i>
<i>1532.619.03</i>	<i>Obras para actuación no Casco Histórico</i>	<i>1.103.440,00</i>
<i>1532.619.04</i>	<i>Melloras Urbanas</i>	<i>320.115,30</i>
<i>165.623.00</i>	<i>Investimentos Alumeado</i>	<i>25.000,00</i>
<i>171.619,00</i>	<i>Mellora infraestruturas parques e xardíns</i>	<i>130.000,00</i>
<i>342.619.00</i>	<i>Melloras instalacións deportivas</i>	<i>1.252.948,28</i>
<i>432.467.00</i>	<i>Consortio de Turismo</i>	<i>27.000,00</i>
<i>454.619.</i>	<i>Melloras Rurais</i>	<i>50.000,00</i>



03		
920.227.06	Elaboración de Plans municipais	60.000,00
	TOTAL	3.128.503,58

ESTADO DE INGRESOS		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	3.128.503,58

2.- Visto o expediente núm. 30/2022 de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito por importe de 420.000,00 €, financiado con cargo á baixa por anulación de créditos doutras partidas en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 27 de xuño de 2022, que modificaba á anterior, que queda do seguinte xeito:

ESTADO DE GASTOS		
APLICACIÓN	CONCEPTO	SUPLEMENTO DE CRÉDITO
133.210.00	Sinalización horizontal de vías	60.000,00
1532.600.00	Adquisición terreos	100.000,00
1532.619.03	Obras para actuación no Casco Histórico	683.440,00
1532.619.04	Melloras Urbanas	320.115,30
165.623.00	Investimentos Alumeado	25.000,00
171.619,00	Mellora infraestruturas parques e xardins	130.000,00
342.619.00	Melloras instalacións deportivas	1.252.948,28
432.467.00	Consortio de Turismo	27.000,00
454.619.03	Melloras Rurais	50.000,00
920.227.06	Elaboración de Plans municipais	60.000,00
165.221.00	ALUMEADO PÚBLICO. SUBMINISTRO DE ELECTRICIDADE	420.000,00
	TOTAL	3.128.503,58

ESTADO DE INGRESOS		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	3.128.503,58

3.- Visto que a evolución da execución orzamentaria fai necesario modificar o expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito e crédito

extraordinario, por importe de 3.128.503,58 €, de maneira que se incremente o crédito naquelas partidas que o precisan .

Visto o anterior, propónse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

- 1) *Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito 43/2022 co seguinte detalle:*

<i>APLICACIÓ N</i>	<i>IMPORTE DA BAIXA PROPOSTA</i>	<i>IMPORTE DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO</i>
<i>1532.619.0 3</i>	<i>150.000,00</i>	
<i>342.227.06</i>		<i>150.000,00</i>
<i>TOTAL....</i>	<i>150.000,00</i>	<i>150.000,00</i>

2) *Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas..*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que estase a falar dunha modificación de crédito que lle gustaría que o concelleiro ou o alcalde explicase na súa primeira intervención en que se vai a invertir concretamente estes 150.000,00 euros, xa que é unha cifra importante como para explicar en qué se ten previsto invertir.

Intervén D .Jaime Germán Vázquez manifestándose na mesma liña que D. Emilio gustaríalle saber para que son os cartos, das obras do scaco histórico quedan 533.000,00 euros gustaríalle que tiveran a ben que pensaran na posibilidade de soterrar todo o cableado do casco histórico, que deixaran de quitar cartos desa partida do casco histórico e que o invertirán nel.

Intervén D^a Katherinie Varela manifesta que seguen na liña dos compañeiros, se non coñecen con esa actitude onde de vai gastar eses cartos. Esperan a ver se lles explican un pouco máis no debate.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que preguntan en que se vai gastar os cartos, será en algo útil para o Concello, será en varias áreas, polo tanto é evidente este tipo de axustes en diferentes partidas.

Intervén D. Emilio José Sánchez entenden que vai ser útil para o Concello o dan por feito, en todo caso son 150.000,00 euros, pero é unha cantidade suficientemente importante, non deixa de ser unha cantidade deixa de ver unha falla de previsión, di que el non vai votar en contra. Eles vanse abster porque non saben en que se van gastar eses cartos. Cren que se debería de especificar cando é unha suma importante, hai pouco anunciaron por exemplo anunciaron unha partida para deportistas no ámbito nacional ou europeo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez entende que é útil para o Concello non o dubidan que entenden que o fan para ben, pero estase a falar de 150.000,00 euros, di que eles vanse enterar un día despois de que faga a rolda de prensa, gustaríalle que estas cousas se falaran no pleno. A ver se renovan a pista das Lamas con eses cartos. A eles non lles parece de recibo que se teñan que enterar pola prensa, o que lle piden na medida das súas posibilidades que teñan a ver de dicirillo, xa teñen a sensación de vir a perder o tempo, pero son os últimos en enterarse desas cousas.

Intervén D^a Katherinie Varela di que despois de tres anos, obviamente vostedes non o van dicir, e a súa estratexia habitual, simplemente esperar que os anunciads que fagan de inversións que non se queden nun simple anuncio e que se leven a cabo, que todo se execute da mellor forma posible e dunha maneira correcta.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que eles non tiñan pensando gastar nada na ponte de Piñeira, iso non estaba previsto, tamén hai outras cousas que tampoco, cando pasen a factura saberán o que é. Imprevistos sempre hai. Di D. Germán que se invirta no casco histórico, xa o fan, o que tratan cando fan este tipo de previsións, di que estan traballando en proxectos que afectan nesas áreas. Di que vai dar unha noticia que mañá saira nos xornais, lembraranse que fai tempo trouxeron os equipos de arquitectura de Turespaña, logo estivo aquí o xefe do Gabinete do Presidente e froito de todo iso conseguíuse que a Secretaría de Estado do Turismo vai arranxar a muralla dende a Torre da Homenaxe ata a torre dos cregos por riba do Grelo, cunha inversión 1.271.823,33 € , polo tanto esa é unha parte dos traballos, estas cousas non se xestionan dun día por outro. Esas cousas non veñen soas hai que xestionalas. Fíxenxe vostedes si traballan polo casco histórico. Sinala que eles van seguir traballando nesa liña. E logo dicía D. Germán que no tema das Lamas, non dixeron que non había diñeiro, outra cousa é que non sexa a súa prioridade, se hai remanente si hai diñeiro, outra cousa é que se teñan prioridades.

Dille a D^a Katherinie Varela que todos os proxectos son evidentes, que se fan da mellor maneira posible, baixo a dirección de obra, e eles non interveñen en nada,

se licita e se adjudica. Nos meses que quedan vai coñecer unhas cantas noticias importantes para Monforte.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

4º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2021.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Vista a documentación da Conta Xeral de 2021 -do Concello e do organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencia-, formada por Intervención, coas seguintes magnitudes e cifras a fin de exercicio:

CONCELLO.-

- Balance de situación. Activo e Pasivo: 72.899.571,16 €.*
- Resultado económico-patrimonial. Aforro: 3.011.262,71 €.*
- Resultado Orzamentario axustado: 2.131.163,25 €.*
- Remanente de Tesourería total: 10.660.059,36 €.*
- Remanente de Tesourería para gastos xerais: 7.067.877,33 €.*

INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIA.-

- Balance de situación. Activo e Pasivo: 85.321,93€.*
- Resultado económico-patrimonial. Aforro: 9.944,46 €.*
- Resultado Orzamentario axustado: 7.384,93 €.*
- Remanente de Tesourería total: 45.083,35 €.*
- Remanente de Tesourería para gastos xerais: 44.679,14 €.”*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai que aprobala antes do 15 de outubro para remitila ao Consello de Contas.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que van votar a favor. Felicita que todas as xestións sexan boas para Monforte, di que el non dixo nada de que non traballa para o casco histórico, o único que piden e que non sigan retirando cartos da partida do casco histórico. Eles o que piden que teña a ben facilitar esa información e vostede o que lle parece.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

5º.- ALTA NO INVENTARIO DE BENS INMOBLES DO INMOBLE SITUADO NA RÚA DUQUESA DE ALBA NÚM. 13.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral que sinala:

“O Concello de Monforte de Lemos mediante acordo do Pleno de data 15.03.2010 aprobou a cesión do inmovible situado na rúa Duquesa de Alba núm. 13 para a súa afectación polo Ministerio do Interior con obxecto de construír a Comisaría de Policía Nacional, procede informar:

Antecedentes de feito

1º.-Por resolución do 29 de marzo de 2010 o Director do Organismo Autónomo Gerencia de Infraestruturas e Equipamento da Seguridade do Estado aceptou a cesión gratuíta, sendo posteriormente incorporado ao Patrimonio da Administración Xeral do Estado, en virtude de acta subscrita o día 26.10.10.

2º.- Con data 30.09.2019 o Pleno da Corporación acordou a cesión gratuíta do inmovible situado na Avenida de Galicia núm. 77 para destinalo a Comisaría da Policía Nacional, así como proceder á reversión do inmovible cedido anteriormente para a mesma finalidade.

3º.- Con data 02.06.2020 a Secretaría do Estado de Seguridade do Ministerio do Interior remitiu ao concello proposta de desafectación e declarar a alienabilidade do ben situado na rúa Duquesa de Alba núm. 13 e autorizar que polo organismo autónomo se xestione a reversión ao Concello de Monforte de Lemos do citado ben.

4º.- Con data 23.11.2020 procedeuse á inscrición no Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos-Quiroga.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Acta pleno ordinario 26.09.2022

Primeiro.- O artigo 44 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala:

“1. Corresponde a los Municipios, Provincias e Islas, en todo caso, y a las demás Entidades locales de carácter territorial, en el supuesto de que así lo prevean las leyes de las Comunidades Autónomas, las siguientes potestades en relación con sus bienes:

- a) La potestad de investigación.*
- b) La potestad de deslinde.*
- c) La potestad de recuperación de oficio.*
- d) La potestad de desahucio administrativo.*

2. Para la defensa de su patrimonio y para asegurar la adecuada utilización del mismo, las Corporaciones locales también podrán establecer e imponer sanciones de acuerdo con lo previsto en la normativa sectorial aplicable.”

Segundo.- O artigo 17.1 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala: “ Las Corporaciones locales están obligadas a formar inventario de todos sus bienes y derechos, cualquiera que sea su naturaleza o forma de adquisición.”

Con base no anteriormente exposto, a xuízo do que subscribe, procede a dar de alta no inventario de bens do Concello o ben inmovible situado na rúa Duquesa de Alba núm. 13, sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario. “

Con base no anteriormente exposto, de conformidade co establecido no artigo 111 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, e o artigo 285 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte os seguintes acordos:

Dar de alta no inventario de bens do Concello o ben inmovible situado na rúa Duquesa de Alba núm. 13, sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde di que era un inmovible do Concello que non seu día se cedeu ao Dirección Xeral da Policía, e non se fixo alí e polo tanto reverte no Concello outra vez.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando o seu voto a favor. Di que a documentación que se lles pasou se hai algún tipo de documentación por parte do *Acta pleno ordinario 26.09.2022*

Ministerio, de que se volve ceder, se este edificio non vai cumprir co obxectivo para o que foi cedido debe reverter no Concello.

Sometido o asunto a votación aprobouse por unanimidade dos concelleiros/as do do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

6º.- ALTA NO INVENTARIO DE BENS INMOBLES DAS PARCELAS 32A01 E 32A03, SITUADAS NO POLIGONO INDUSTRIAL DO REBOREDO

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral que sinala:

“ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Escritura pública, de data 8.10.2007, autorizada en Monforte de Lemos pola Notaría D^a Patricia Posse Paz (nº protocolo 1.131).

SEGUNDO.- Decreto de Alcaldía núm. 2022/000857, de data 01.06.2022, polo que se aproba a resolución do contrato de adxudicación de parcelas (01 e 03) de solo industrial no Polígono do Reboredo coa mercantil AVANT TEYDI GLOBAL SL, con CIF B27413749.

TERCEIRO.- Notificación do Decreto de Alcaldía, de data 01.06.2022 (NRS 2022 4918), recibida polo interesado o mesmo día.

CUARTO.- Recurso de reposición, de data 30.06.2022 (NRE 2022 10296), presentado por AVANT TEYDI GLOBAL SL, contra o Decreto de Alcaldía núm. 2022/000857, de data 01.06.2022, na que solicita a nulidade de dita resolución e a suspensión do acto administrativo.

QUINTO.- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 18.07.2022, de denegación da suspensión do acto recorrido.

SEXTO.- Notificación do acordo antes referido de data 20.07.2022.

SÉTIMO.- Informe do Técnico de contratación, de data 26.08.2022, no que considera que procede desestimar a solicitude formulada polo recorrente confirmando a resolución adoptada no Decreto de Alcaldía, núm. 2022/000857, de data 01.06.2022 en todos os seus termos.

OITAVO.- Presentado recurso de reposición en data 30.06.2022 (NRE 2022 10296) pola mercantil AVANT TEYDI GLOBAL SL, con CIF B27413749, contra o Decreto de Alcaldía núm. 2022/000857, de data 01.06.2022, polo que se acorda a resolución do contrato de adxudicación de parcelas de solo industrial no Polígono do Reboredo.

Acta pleno ordinario 26.09.2022

NOVENO.- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de setembro do 2022, desestimando o recurso de presentado por AVANT TEYDI GLOBAL SL, contra o Decreto de Alcaldía núm. 2022/000857, de data 01.06.2022

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- O artigo 44 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala:

“1. Corresponde a los Municipios, Provincias e Islas, en todo caso, y a las demás Entidades locales de carácter territorial, en el supuesto de que así lo prevean las leyes de las Comunidades Autónomas, las siguientes potestades en relación con sus bienes:

- a) La potestad de investigación.*
- b) La potestad de deslinde.*
- c) La potestad de recuperación de oficio.*
- d) La potestad de desahucio administrativo.*

2. Para la defensa de su patrimonio y para asegurar la adecuada utilización del mismo, las Corporaciones locales también podrán establecer e imponer sanciones de acuerdo con lo previsto en la normativa sectorial aplicable.”

Segundo.- O artigo 17.1 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala: “ Las Corporaciones locales están obligadas a formar inventario de todos sus bienes y derechos, cualquiera que sea su naturaleza o forma de adquisición.”

Con base no anteriormente exposto, a xuízo do que subscribe, procede a dar de alta no inventario de bens inmoables do Concello as parcelas 32A01 e 32A03, sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario. “

Con base no anteriormente exposto, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte acordo:

Dar de alta no inventario de bens inmoables do Concello o ben inmoable as parcelas 32A01 e 32A03, sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que dende o punto 6 ao 12 realizárase o debate conxuntante, dicindo que trátase da reversión de parcelas a nome do Concello.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que os conceleiros que repiten o mandato lembran un episodio que se quixo traer a pleno no seu momento para dar luz verde a que unha empresa mercase estas parcelas, quedou riba da mesa porque non estaba claro se se podía facer. Di esto, porque no pasado mandato como neste, fai pouco trouxo un rogo contetando que había sitio bastante no polígono. Polo tanto, ven da darlle a razón de que se necesita espazo por sorte, porque o polígono esta tendo saída no ámbito das parcelas. Di que eles vanse absterse por un motivo, teñen coñecemento que hai un proceso xudicial ou que pode habelo, e polo tanto deberíase esperar para ver a xustiza non da a razón, di que el cre que é triste para os propietarios dos inmobles, pero había unhas condicións na contratación, e polo tanto, debe ser así. Se despendese del deberíase agardar a ese proceso xudicial, e solo público e débese poñer a disposición.

Intervén D. Jaime Germán di que Esperta Monforte está a favor de que se teñen que revertir se non se cumpriron as condicións, entenden que deben revertir, parece ser que hai varios propietarios que fixeron accións xudiciais. A eles gustaríalle que lle aclararan o do Consello Consultivo, non sabe se se falou cos propietarios, se hai que esperar que a xustiza resolva.

Intervén D^a Katherinie Varela di que para o Partido Popular é un tema moi controvertido e difícil, pero poden entender aos empresarios. Na liña do que falan os compañeiros di que lles manifestaron que está no contencioso, parécelle que o máis lóxico é absterse na votación.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai que empezar co que din nas bases do concurso, na cláusula 20 obriga a que o adxudicatario, implantar o proxecto empresarial correspondente, no prazo máximo de 6 meses, solicitando as preceptivas licenzas, construír no prazo de 2 anos, dende que se outorga a licenza, e iniciar a actividade previa solicitude e concesión das correspondentes autorizacións administrativas no prazo de tres anos. Isto remataba no ano 2012, houbo algúns que o fixeron e outros que non o fixeron. Hai outras cláusulas que di condicións resolutorias, o incumprimento que teñen consideración de esencias, considerase condición “resolutoria expresa” producindo resolución de pleno derieto da compra venda con trascendencia real revertindo ao patrimonio municipal as parcelas con todas as súas pertenzas e accesorios, iso é o que di o concurso. Tíñase que dar cumprimento no ano 2012 e non se fixo. Se non foi posible dunha maneira. Se eles queren recurrir, eles coñecedores destas cláusulas, e agora queren recurrir, o feito de recurrir, el non ten nada en contra dos empresarios o que ten que facer é defender o interese público. Os que cumpren non teñen ningún problema. Sinala que a obrigación é facer cumprir o que di o prego de cláusulas dese concurso, non teñen porque esperar á resolución dun contencioso. Fala de traballo constante e de anos, dado que agora mesmo ademais o polígono que coñecemos quedan dúas parcelas sen vender haberá que poñer solo a disposición á venda.

Dille a D. Germán que o Consello Consultivo ao que recorriron algúns deses propietarios non poden recurrir porque non ten competencia, pero sen embargo opina, iso foi o qu efixo o Consello Consultivo.

Vaise seguir co expediente para adiante e se mañá a xustiza di outra cousa, farase o que diga a sentenza.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que o tempo pon as cousas no seu sitio. Fala dun rogo que trouxo a principios de ano, relativo ás parcelas do Polígono. Di que as parcelas das que se están debatindo son parcelas máis axeitadas para pequenas e medianas empresas. Di que escoitou na prensa, fala de Pacadar no seu momento, son solos que están pendentes de recalificar, naquel momento aínda non estaban. Reitera a súa abstención, unha cousa é distinguir o recurso que poida presentar os propietarios, e outra cousa moi distinta é o contencioso que estea en marcha antes desta resolución.

Intervén D. Jaime Germán sinala que co tema do SAF, co tema do conservatorio, parécelle que a xustiza algunhas veces sae a favor e outras en contra. Di que se esperará a ver como sae este tema.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que os terreos que mercou suplusa para pacadar eran terreos rústicos. O convenio da deputación con Pacadar dicíase que había que recalificar os terreos nun prazo de tres anos. Cando Suplusa lle mandou ao Concello de Monforte que servizos tiñan eses terreos o Concello respostou que non se lle podían sanear as augas residuais, por certo unha empresa que apenas provocaba augas residuais, os da construción non xeneran outro tipo de residuos, polo tanto fíxese vostede a vontade que había para construír unha depuradora, iso está por escrito. Evidentemente era rústico, e como non se recalificou segue sendo rústico, e por iso vaise promover un Plan Parcial de recalificación deses terreos. Falaba de recurso, non sabe o que recorriron, salvo que recurriran contra a provisión de. Logo D. Germán non confunda vostede, co tribunal de xustiza co consello consultivo.

Sometido o asunto a votación aprobábase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.

7º.- ALTA NO INVENTARIO DE BENS INMOBLES DA PARCELA 32A02, SITUADA NO POLIGONO INDUSTRIAL DO REBOREDO

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral que sinala:

Acta pleno ordinario 26.09.2022

“ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Escritura pública, de data 26.04.2007, autorizada en Monforte de Lemos pola Notaria D^a Patricia Posse Paz (n^o protocolo 404).

SEGUNDO.- Decreto de Alcaldía núm. 2022/000856, de data 01.06.2022, polo que se aproba a resolución do contrato de adxudicación de parcelas de solo industrial no Polígono do Reboredo con GILBERTO VIDAL FERNÁNDEZ, con NIF 34254872Y.

TERCEIRO.- Notificación do Decreto de Alcaldía, de data 01.06.2022 (NRS 2022 4913), recibida polo interesado o día 07.06.2022.

CUARTO.- Recurso de reposición, de data 07.07.2022 (NRE 2022 11040), presentado por GILBERTO VIDAL FERNÁNDEZ, contra o Decreto de Alcaldía núm. 2022/000856, de data 01.06.2022, na que solicita a suspensión do acto administrativo.

QUINTO.- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 18.07.22, de denegación da suspensión do acto recorrido.

SEXTO.- Notificación do acordo antes referido de data 27.07.2022.

SÉTIMO.- Informe do Técnico de contratación, de data 26.08.2022, no que considera que procede desestimar a solicitude formulada polo recorrente confirmando a resolución adoptada no Decreto de Alcaldía, núm. 2022/000857, de data 01.06.2022 en todos os seus termos.

OITAVO.- Presentado recurso de reposición en data por GILBERTO VIDAL FERNÁNDEZ, con DNI 34254872P, contra o Decreto de Alcaldía núm. 2022/000856, de data 01.06.2022, polo que se acorda a resolución do contrato de adxudicación de parcelas de solo industrial no Polígono do Reboredo.

NOVENO.- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de setembro do 2022, desestimando o recurso presentado por GILBERTO VIDAL FERNÁNDEZ, con DNI 34254872P, contra o Decreto de Alcaldía núm. 2022/000856, de data 01.06.2022.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- O artigo 44 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala:

“1. Corresponde a los Municipios, Provincias e Islas, en todo caso, y a las demás Entidades locales de carácter territorial, en el supuesto de que así lo prevean las leyes de las Comunidades Autónomas, las siguientes potestades en relación con sus bienes:

a) La potestad de investigación.

b) La potestad de deslinde.

Acta pleno ordinario 26.09.2022

c) *La potestad de recuperación de oficio.*

d) *La potestad de desahucio administrativo.*

2. Para la defensa de su patrimonio y para asegurar la adecuada utilización del mismo, las Corporaciones locales también podrán establecer e imponer sanciones de acuerdo con lo previsto en la normativa sectorial aplicable.”

Segundo.- O artigo 17.1 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala: “ Las Corporaciones locales están obligadas a formar inventario de todos sus bienes y derechos, cualquiera que sea su naturaleza o forma de adquisición.”

Con base no anteriormente exposto, a xuízo do que subscribe, procede a dar de alta no inventario de bens inmbles do Concello da parcela 32A02, sen perxuizo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario.

Con base no anteriormente exposto, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte acordo:

Dar de alta no inventario de bens inmbles do Concello o ben inmbles a parcela 32A02, sen perxuizo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario”.

Sometido o asunto a votación aprobouse por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.

8º.- ALTA NO INVENTARIO DE BENS INMOBLES DA PARCELA 32A05 E 32A07, SITUADA NO POLIGONO INDUSTRIAL DO REBOREDO

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral que sinala:

“ANTECEDENTES

- 1. Escritura pública, de data 08.10.2007, autorizada en Monforte de Lemos pola Notaria D^a Patricia Posse Paz (nº protocolo 1.130).*

2. *Nota simple informativa do Rexistro da propiedade de Monforte de Lemos – Quiroga, de data 27.01.2022, da inscricións das parcelas 32-A05 e 32-A07 a nome do titular CLIMATECNIC CONFORT SL, con CIF B27347277.*
3. *Informe da Arquitecta municipal, do 01.02.2022, no que se comproba que nas referidas parcelas “... non se cumpre coas obrigas sinaladas nas letras a), b) e c) da cláusula 20, do Prego de Condicións Económico-Administrativas que rexeron a venda do Solo industrial resultante da modificación do Plan Parcial do Polígono Industrial do Reboredo con destino á implantación de pequenas e medianas industrias*
4. *Informe da Tesoureira municipal, de data 2.02.2022, no que sinala a existencia na contabilidade municipal das seguintes garantías: 1.248,18 € e 924,54 €*
5. *Acordo da Xunta de goberno local, de data 7.02.2022 polo que se inicia expediente de resolución contractual por incumprimento da condición resolutoria expresa incorporada na Disposición 7º A) da escritura pública, segundo sinala o artigo 111 h) do RDL 2/2000.*
6. *Notificación ao adxudicatario do acordo sinalado no parágrafo anterior, de data 09.02.2022 (NRS 2022/1541)*
7. *Dentro do prazo de audiencia de dez días naturais dende a notificación, non se presentaron alegacións.*
8. *Informe servicio xurídico, de data 14.03.2022*
9. *Informe de fiscalización, de data 15.03.2022*
10. *Notificación de decreto de Alcaldía de 28.04.2022 (NRS2022 4918), recibida polo interesado o día 03.05.2022.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- O artigo 44 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala:

“1. Corresponde a los Municipios, Provincias e Islas, en todo caso, y a las demás Entidades locales de carácter territorial, en el supuesto de que así lo prevean las leyes de las Comunidades Autónomas, las siguientes potestades en relación con sus bienes:

- a) La potestad de investigación.*
- b) La potestad de deslinde.*
- c) La potestad de recuperación de oficio.*
- d) La potestad de desahucio administrativo.*

2. Para la defensa de su patrimonio y para asegurar la adecuada utilización del mismo, las Corporaciones locales también podrán establecer e imponer sanciones de acuerdo con lo previsto en la normativa sectorial aplicable.”

Segundo.- O artigo 17.1 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala: “ Las Corporaciones locales están obligadas a formar inventario de todos sus bienes y derechos, cualquiera que sea su naturaleza o forma de adquisición.”

Con base no anteriormente exposto, a xuízo do que subscribe, procede a dar de alta no inventario de bens inmoables do Concello das parcelas 32A05 e 32A07, sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario. “

Con base no anteriormente exposto, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte acordo:

Dar de alta no inventario de bens inmoables do Concello o ben inmoable a parcela 32A05 e 32A07, sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario”.

Sometido o asunto a votación aprobábase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.

9º.- ALTA NO INVENTARIO DE BENS INMOABLES DA PARCELA 32A09, SITUADA NO POLIGONO INDUSTRIAL DO REBOREDO.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral que sinala:

“ANTECEDENTES

- 1. Escritura pública, de data 26.04.2007, autorizada en Monforte de Lemos pola Notaría D^a Patricia Posse Paz (n^o protocolo 405). Escritura de permuta de parcela, de data 3.09.2008, autorizada en Monforte de Lemos pola Notaría D^a Natalia Nieto Alba (n^o protocolo 1.576)*
- 2. Informe da Arquitecta municipal, de data 1.02.2022, no que se sinala que “.../. púidose comprobar que nestas non se cumpre coas obrigas sinaladas nas letras a), b) e c) da cláusula número 20, do Prego de Condicións Económico-Administrativas que rexeron a venda do Solo Industrial Resultante da*

Modificación do Plan Parcial do Polígono Industrial do Reboredo con destino á implantación de pequenas e medianas industrias”.

3. *Informe da Tesoureira municipal, de data 2.02.2022, no que sinala a existencia na contabilidade municipal da seguinte garantía: 909,36 €*
4. *Acordo da Xunta de goberno local, de data 7.02.2022 polo que se inicia expediente de resolución contractual por incumprimento da condición resolutoria expresa incorporada na Disposición 7º A) da escritura pública, segundo sinala o artigo 111 h) do RDL 2/2000.*
5. *Notificación ao adxudicatario do acordo sinalado no parágrafo anterior, de data 10.02.2022 (NRS 2022/1573).*
6. *Dentro do prazo de audiencia de dez días naturais dende a notificación, o adxudicatario MODESTO PÍO OJEA GARCÍA, con NIF 34263299S, formula oposición á proposta de resolución, en data 03.03.2022 (NRE 2022/3040).*
7. *Informe servizo xurídico, de data 13.03.2022*
8. *Informe de fiscalización, de data 15.03.2022*
9. *Proposta de resolución, de data 16.03.2022*
10. *Ditame do Consello consultivo, de data 30.03.2022*
11. *Notificación de novo prazo de audiencia, de data 13.04.2022*
12. *Dentro do novo prazo de audiencia de dez días naturais dende a notificación, o adxudicatario MODESTO PÍO OJEA GARCÍA, con NIF 34263299S, formula oposición á proposta de resolución, en data 20.04.2022 (NRE 2022/5897)*
13. *Ditame do Consello consultivo, de data 11.05.2022, que conclúe “a incompetencia deste Consello para coñecer do asunto” polo que “non procede pronunciarse sobre o fondo da controversia.”*
14. *Notificación decreto da alcaldía de data de data 01.06.2022 (NRS 2022 4910), recibido polo interesado o mesmo día.*
15. *Recurso de reposición, de data 29.06.2022 (NRE 2022 10214), presentado por MODESTO PÍO OJEA GARCÍA, contra o Decreto de Alcaldía núm. 2022/000855, de data 01.06.2022, na que solicita a suspensión do acto administrativo.*
16. *Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 18.07.2022, de denegación da suspensión do acto recurrido.*
17. *Recurso de reposición, de data 29.06.2022 (NRE 2022 10214), presentado por MODESTO PÍO OJEA GARCÍA, contra o Decreto de Alcaldía núm. 2022/000855, de data 01.06.2022, na que solicita a nulidade de dita resolución e a suspensión do acto administrativo.*
18. *Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 18.07.2022, de denegación da suspensión do acto recorrido.*
19. *- Notificación do acordo antes referido de data 21.07.2022.*
20. *- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de setembro do 2022, desestimando o recurso presentado por MODESTO D. MODESTO PÍO OJEA GARCÍA, con NIF 34263299S, contra o Decreto de Alcaldía núm. 2022/000855, de data 01.06.2022*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- O artigo 44 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala:

“1. Corresponde a los Municipios, Provincias e Islas, en todo caso, y a las demás Entidades locales de carácter territorial, en el supuesto de que así lo prevean las leyes de las Comunidades Autónomas, las siguientes potestades en relación con sus bienes:

- a) La potestad de investigación.*
- b) La potestad de deslinde.*
- c) La potestad de recuperación de oficio.*
- d) La potestad de desahucio administrativo.*

2. Para la defensa de su patrimonio y para asegurar la adecuada utilización del mismo, las Corporaciones locales también podrán establecer e imponer sanciones de acuerdo con lo previsto en la normativa sectorial aplicable.”

Segundo.- O artigo 17.1 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala: “ Las Corporaciones locales están obligadas a formar inventario de todos sus bienes y derechos, cualquiera que sea su naturaleza o forma de adquisición.”

Con base no anteriormente exposto, a xuízo do que subscribe, procede a dar de alta no inventario de bens inmobles do Concello a parcela 32A09, sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario. “

Con base no anteriormente exposto, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte acordo:

Dar de alta no inventario de bens inmobles do Concello o ben inmovible a parcela 32A09, sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario”.

Sometido o asunto a votación aprobouse por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.

10º.- ALTA NO INVENTARIO DE BENS INMOBLES DAS PARCELAS 32A014 E 32A012, SITUADAS NO POLIGONO INDUSTRIAL DO REBOREDO.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo

Acta pleno ordinario 26.09.2022

Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral que sinala:

“ANTECEDENTES

- 1. Escritura pública, de data 8.10.2007, autorizada en Monforte de Lemos pola Notaria D^a Patricia Posse Paz (n^o protocolo 1.129).*
- 2. Informe da Arquitecta municipal, de data 1.02.2022, no que se sinala que “.../. púidose comprobar que nestas non se cumpre coas obrigas sinaladas nas letras a), b) e c) da cláusula número 20, do Prego de Condicións Económico-Administrativas que rexeron a venda do Solo Industrial Resultante da Modificación do Plan Parcial do Polígono Industrial do Reboredo con destino á implantación de pequenas e medianas industrias”.*
- 3. Informe da Tesoureira municipal, de data 2.02.2022, no que sinala a existencia garantías constituídas por importe de 629,78 € e 894,14 €.*
- 4. Acordo da Xunta de goberno local, de data 7.02.2022 polo que se inicia expediente de resolución contractual por incumprimento da condición resolutoria expresa incorporada na Disposición 7^o A) da escritura pública, segundo sinala o artigo 111 h) do RDL 2/2000.*
- 5. Notificación ao adxudicatario do acordo sinalado no parágrafo anterior, de data 10.02.2022 (NRS 2022/1572)*
- 6. Dentro do prazo de audiencia de dez días naturais dende a notificación, a mercantil CYCS01 CONSTRUCCIONES Y REHABILITACIÓN, con CIF B27183340, formula oposición á proposta de resolución, en data 26.02.2022 (NRE 2022/2815).*
- 7. Informe servicio xurídico, de data 14.03.2022*
- 8. Informe de fiscalización, de data 15.03.2022*
- 9. Proposta de resolución, de data 16.03.2022*
- 10. Ditame do Consello consultivo, de data 30.03.2022*
- 11. Notificación de novo prazo de audiencia, de data 12.04.2022*
- 12. Dentro do novo prazo de audiencia de dez días naturais dende a notificación, a mercantil CYCS01 CONSTRUCCIONES Y REHABILITACIÓN, con CIF B27183340, formula oposición á proposta de resolución, en data 22.04.2022 (NRE 2022/6070)*
- 13. Ditame do Consello consultivo, de data 11.05.2022, que conclúe “a incompetencia deste Consello para coñecer do asunto” polo que “non procede pronunciarse sobre o fondo da controversia.”*
- 14. Decreto de Alcaldía núm. 2022/000853, de data 01.06.2022, polo que se aproba a resolución do contrato de adxudicación de parcelas (12 e 14) de solo*

industrial no Polígono do Reboredo coa mercantil CYCS01 CONSTRUCCIONES Y REHABILITACIÓN, con CIF B27183340.

15. *Notificación do Decreto de Alcaldía, de data 01.06.2022 (NRS 2022 4911), recibida polo interesado o 07.06.2022*
16. *Recurso de reposición, de data 07.07.2022 (NRE 2022 11012), presentado por CYCS01 CONSTRUCCIONES Y REHABILITACIÓN, contra o Decreto de Alcaldía núm. 2022/000853, de data 01.06.2022, na que solicita a nulidade e prescripción do acto de dita resolución.*
17. *Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de setembro do 2022, desestimando o recurso de presentado por CYCS01 CONSTRUCCIONES Y REHABILITACIÓN, contra o Decreto de Alcaldía núm. 2022/000853, de data 01.06.2022*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- O artigo 44 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala:

“1. Corresponde a los Municipios, Provincias e Islas, en todo caso, y a las demás Entidades locales de carácter territorial, en el supuesto de que así lo prevean las leyes de las Comunidades Autónomas, las siguientes potestades en relación con sus bienes:

- a) La potestad de investigación.*
- b) La potestad de deslinde.*
- c) La potestad de recuperación de oficio.*
- d) La potestad de desahucio administrativo.*

2. Para la defensa de su patrimonio y para asegurar la adecuada utilización del mismo, las Corporaciones locales también podrán establecer e imponer sanciones de acuerdo con lo previsto en la normativa sectorial aplicable.”

Segundo.- O artigo 17.1 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala: “ Las Corporaciones locales están obligadas a formar inventario de todos sus bienes y derechos, cualquiera que sea su naturaleza o forma de adquisición.”

Con base no anteriormente exposto, a xuízo do que subscribe, procede a dar de alta no inventario de bens inmoebles do Concello as parcelas 32A14 e 32A12, sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario. “

Con base no anteriormente exposto, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte acordo:

Dar de alta no inventario de bens inmobles do Concello as parcelas 32A14 e 32A12, sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario.

Sometido o asunto a votación aprobábase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.

11º.- ALTA NO INVENTARIO DE BENS INMOBLES DA PARCELA 32A015, SITUADA NO POLIGONO INDUSTRIAL DO REBOREDO.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral que sinala:

ANTECEDENTES

- 1. Escritura pública, de data 08.10.2007 autorizada pola notaria D^a Patricia Posse Paz (N^o protocolo 1.133).*
- 2. Nota simple informativa do Rexistro da propiedade de Monforte de Lemos – Quiroga, de data 27.01.2022, da inscricións das parcelas 32-A015 a nome do titular FERTILEMOS SL, con CIF B27160563.*
- 3. Informe da Arquitecta municipal, do 01.02.2022, no que se comproba que na referida parcela “... non se cumpre coas obrigas sinaladas nas letras a), b) e c) da cláusula 20, do Prego de Condicións Económico-Administrativas que rexeron a venda do Solo industrial resultante da modificación do Plan Parcial do Polígono Industrial do Reboredo con destino á implantación de pequenas e medianas industrias.”*
- 4. Informe da Tesoureira municipal, de data 2.02.2022, no que sinala a existencia na contabilidade municipal da seguinte garantía: 1.178,56 €*
- 5. Acordo da Xunta de goberno local, de data 7.02.2022, polo que se inicia expediente de resolución contractual por incumprimento da condición resolutoria expresa incorporada na Disposición 7^a A) da escritura pública, segundo sinala o artigo 111 h) do RDL 2/2000l.*
- 6. Notificación ao adxudicatario do acordo sinalado no parágrafo anterior, de data 9.02.2022 (NRS 2022/1574)*
- 7. Escrito de alegacións, de data 24.02.2022 (NRS 2022/2722).*

8. *Decreto de Alcaldía núm. 2022/000659, de data 28.04.2022, polo que se aproba a resolución do contrato de adxudicación de parcelas (15) de solo industrial no Polígono do Reboredo coa mercantil FERTILEMOS SLU, con CIF B271690563*
9. **TERCEIRO.-** *Notificación do Decreto de Alcaldía, de data 01.06.2022 (NRS 2022 4918), recibida polo interesado o mesmo día.*
10. **CUARTO.-** *Recurso de reposición, 19.05.2022 (NRE 2022 7747) pola mercantil FERTILEMOS SLU, contra o Decreto de Alcaldía núm. 2022/000659, de data 28.04.2022, na que solicita a nulidade de dita resolución.*
11. *Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de setembro do 2022, desestimando o recurso presentado por FERTILEMOS SLU, contra o Decreto de Alcaldía núm. 2022/000659, de data 28.04.2022*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- O artigo 44 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala:

“1. Corresponde a los Municipios, Provincias e Islas, en todo caso, y a las demás Entidades locales de carácter territorial, en el supuesto de que así lo prevean las leyes de las Comunidades Autónomas, las siguientes potestades en relación con sus bienes:

- a) La potestad de investigación.*
- b) La potestad de deslinde.*
- c) La potestad de recuperación de oficio.*
- d) La potestad de desahucio administrativo.*

2. Para la defensa de su patrimonio y para asegurar la adecuada utilización del mismo, las Corporaciones locales también podrán establecer e imponer sanciones de acuerdo con lo previsto en la normativa sectorial aplicable.”

Segundo.- O artigo 17.1 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala: “ Las Corporaciones locales están obligadas a formar inventario de todos sus bienes y derechos, cualquiera que sea su naturaleza o forma de adquisición.”

Con base no anteriormente exposto, a xuízo do que subscribe, procede a dar de alta no inventario de bens inmoables do Concello a parcelas 32A015, sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario. “

Con base no anteriormente exposto, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte acordo:

Dar de alta no inventario de bens inmobles do Concello bens a parcela 32A015, sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario, sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario. “

Sometido o asunto a votación aprobouse por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.

12º.- ALTA NO INVENTARIO DE BENS INMOBLES DA PARCELA 32A010, SITUADA NO POLIGONO INDUSTRIAL DO REBOREDO.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral que sinala:

“ANTECEDENTES

1. *Escritura pública, de data 26.04.2007, autorizada en Monforte de Lemos pola Notaría D^a Patricia Posse Paz (nº protocolo 405). Escritura de permuta de parcela, de data 3.09.2008, autorizada en Monforte de Lemos pola Notaría D^a Natalia Nieto Alba (nº protocolo 1.576)*
2. *Informe da Arquitecta municipal, de data 1.02.2022, no que se sinala que “.../. púidose comprobar que nestas non se cumpre coas obrigas sinaladas nas letras a), b) e c) da cláusula número 20, do Prego de Condicións Económico-Administrativas que rexeron a venda do Solo Industrial Resultante da Modificación do Plan Parcial do Polígono Industrial do Reboredo con destino á implantación de pequenas e medianas industrias”.*
3. *Informe da Tesoureira municipal, de data 2.02.2022, no que sinala a existencia na contabilidade municipal da seguinte garantía: 920,09 €*
4. *Acordo da Xunta de goberno local, de data 7.02.2022 polo que se inicia expediente de resolución contractual por incumprimento da condición resolutoria expresa incorporada na Disposición 7º A) da escritura pública, segundo sinala o artigo 111 h) do RDL 2/2000.*
5. *Notificación ao adxudicatario do acordo sinalado no parágrafo anterior, de data 23.02.2022 (NRS 2022/1958).*
6. *Dentro do prazo de audiencia de dez días naturais dende a notificación, os adxudicatarios D. JOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ PIÑEIRO, con NIF 34251337J, e D. JESÚS VÁZQUEZ PIÑEIRO, con NIF 342351336N, formulan oposición á proposta de resolución, en data 04.03.2022 (NRE 2022/3149).*

7. *Informe servicio xurídico, de data 13.03.2022*
8. *Informe de fiscalización, de data 15.03.2022*
9. *Proposta de resolución, de data 16.03.2022*
10. *Ditame do Consello consultivo, de data 30.03.2022*
11. *Notificación de novo prazo de audiencia, de data 11.04.2022*
12. *Dentro do novo prazo de audiencia de dez días naturais dende a notificación, os adxudicatarios D. JOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ PIÑEIRO, con NIF 34251337J, e D. JESÚS VÁZQUEZ PIÑEIRO, con NIF 342351336N, formulan oposición á proposta de resolución, en data 20.04.2022 (NRE 2022/5920)*
13. *Ditame do Consello consultivo, de data 11.05.2022, que conclúe “a incompetencia deste Consello para coñecer do asunto” polo que “non procede pronunciarse sobre o fondo da controversia.”*
14. *Decreto de Alcaldía núm. 2022/000854, de data 01.06.2022, polo que se aproba a resolución do contrato de adxudicación de parcelas de solo industrial no Polígono do Reboredo con JOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ PIÑEIRO, con NIF 34251336N, e JESÚS VÁZQUEZ PIÑEIRO, con NIF 34251337J.*
15. *Notificación do Decreto de Alcaldía, de data 01.06.2022 (NRS 2022 4915), recibida polo interesado o día 02.06.2022.*
16. *Recurso de reposición, de data 27.06.2022 (NRE 2022 10020), presentado por JOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ PIÑEIRO e JESÚS VÁZQUEZ PIÑEIRO, contra o Decreto de Alcaldía núm. 2022/000854, de data 01.06.2022, na que solicitan a suspensión do acto administrativo*
17. *Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de setembro do 2022, desestimando o recurso presentado por JOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ PIÑEIRO e JESÚS VÁZQUEZ PIÑEIRO, contra o Decreto de Alcaldía núm. 2022/000854, de data 01.06.2022*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- O artigo 44 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala:

“1. Corresponde a los Municipios, Provincias e Islas, en todo caso, y a las demás Entidades locales de carácter territorial, en el supuesto de que así lo prevean las leyes de las Comunidades Autónomas, las siguientes potestades en relación con sus bienes:

- a) La potestad de investigación.*
- b) La potestad de deslinde.*
- c) La potestad de recuperación de oficio.*
- d) La potestad de desahucio administrativo.*

2. Para la defensa de su patrimonio y para asegurar la adecuada utilización del mismo, las Corporaciones locales también podrán establecer e imponer sanciones de acuerdo con lo previsto en la normativa sectorial aplicable.”

Segundo.- O artigo 17.1 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala: “ Las Corporaciones locales están obligadas a formar Acta pleno ordinario 26.09.2022

inventario de todos sus bienes y derechos, cualquiera que sea su naturaleza o forma de adquisición.”

Con base no anteriormente exposto, a xuízo do que subscribe, procede a dar de alta no inventario de bens inmobles do Concello das parcelas 32A010, sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario. “

Con base no anteriormente exposto, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte acordo:

Dar de alta no inventario de bens inmobles do Concello o ben inmueble parcela 32A010, sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario”.

Sometido o asunto a votación aprobouse por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.

13º.- APROBACIÓN DA DENOMINACIÓN DO PARQUE DO BARRIO DO HOSPITAL.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o informe da Secretaría Xeral que sinala:

1º. O procedemento de asignación de denominacións e rotulación das vías públicas e da numeración de edificios, veñen recollidas na Ordenanza Municipal Reguladora da Denominación e Rotulación das vías públicas no seu artigo 8 que establece que:

“Artigo 8. Desenvolvemento

- 1. Abrirase un expediente por cada operación a realizar (primeira denominación e cambio de denominación) e realizaranse todos os estudos que procedan para asegurar a idoneidade do nome proposto segundo a zona de situación da vía.*
- 2. O Concello solicitará os informes e documentos que considere oportunos, tanto a departamentos municipais como a entidades ou organismos externos que poidan ou deban de participar na decisión (así, por exemplo: informe do Departamento de urbanismo do Concello sobre o trazado, as características e a categoría da vía a nomear ou informe do Departamento de Estadística sobre a viabilidade do cambio de denominación).*

3. *A proposta, con todos os seus informes, someterase ao Pleno da Corporación, logo do ditame da Comisión Informativa correspondente, para a súa aprobación provisional”.*

2º.- Existe Memoria da Alcaldía sobre a xustificación da denominación proposta.

3º.- Existe informe de Urbanismo sobre as características e trazado dos parques e paseo.

4º.- Non se precisa informe do Departamento de Estadística xa que non se produce un cambio de denominación.

Polo exposto, infórmase favorablemente.

Polo exposto, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o nomemento como PARQUE DO BARRIO DO HOSPITAL.

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por vinte días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, debendo anunciarse no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos da Corporación e na páxina web do Concello.

TERCEIRO.-No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde preguntando se lles parece que se debaten todos os puntos conxuntamente.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que el vai votar diferente dependendo da denominación. Eles non discuten na legalidade, el di o que faría, que se deben de aproveitar este nomeamento de rúas, prazas e parques. Debería de facer un grupo de traballo onde estean todos representados e buscar a forma de nomear, facer unha valoración e un baremo e di isto para aproveitar, di que é unha descrición xeográfica que todo o mundo coñece. Fala de homenaxear a un xornalista, a un escritor, o que sexa, on vai nomear o que se debería nomear. Deberíase aproveitar para homenaxear a persoas senlleiros cuns baremos e despois, por exemplo, a proposta é do barrio do Hospital, no barrio de San Antón, estase dando o nome do barrio do hospital.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez sinalando que se acumulou 5 ven daríalle, di que el esta en contra de que se monte unha comisión. Fala de nomes para que podería ser o momento de poñer o nome de monfortinos que están espallados por aí espallados, van a votar en contra deste tema e a favor da rúa Rof Codina.

Intervén D^a Katherinie Varela di que isto de falar de últimos vai parecer que se copian ou se poñen de acordo. Fala de que se podería aproveitar e darlle nome de un monfortino/a, fala de que eles poderían haber traído propostas, pero di que foi moi pouco tempo. Tal e como dixeron os compañeiros estase perdendo a oportunidade de homenaxear a persoas, sinala o seu voto a favor na rúa Rof Codina, di que non van votar en contra senón absterse. Vostedes están gobernando e teñen que facer estes nomeamentos. Di que pensen un pouco da oportunidade que se perde de homenaxear a xente de Monforte.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que xa dixo D. Emilio na Comisión o que dixo aquí, pero tamén é certo se vostede e D. Germán, había que aproveitar para homenaxear para persoas ilustres de Monforte, deben ser unhas obras estupendas, e están recoñecendo que son unhas obras magníficas. Di D. Germán que se lle dan nomes mois básicos. Dille a D. Emilio, está de acordo con homenaxear a personalidades, pero iso hai que facelo con urbanizacións novas, que non teñen nome, por exemplo, cando se producen as obras dentro duns meses, cando se urbanice a zona que vai dende o Morín a Padre Feijoo, Juan Montes e Rioseco aí vaise crear de novas, de nova creación, cinco rúas, esas que non teñen nada, si se lle pode poñer un nome de alguén, iso si, pero isto que xa se chama dunha determinada maneira, a xente vaille chamar igual, en relación co tema das vías, a ordenanza no seu artigo 6, di que deberá ser informada polo pleno, e di que o nome non poderá ir en contra da lei nin dos bos costumes, e que con carácter xeral deberá respectarse a denominación orixinaria, histórica ou tradicional da nomenclatura das vías. No mesmo artigo, no punto 8, di que non se poderá fraccionar rúas pola metade, ten que haber unha intersección que a corte, por iso se propón que se extenda o nome da rúa Rof Codina, esa é a explicación porque se proponen eses nomes, soamente se ciñen ao que di a ordenanza.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que ninguén fala de capricho, eles cren que non. Poñer barrio do Hospital, pero fala vostede de urbanización novas, o parque do barrio do hospital é novo. Poderíase poñer parque do matadoiro, porque había alí un matadoiro, é tomar un baremo que vostedes o cren oportuno. Cando se dirixan a min díganme directamente Emilio, porque parece máis vello.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que lle seguirá chamando D. Emilio porque é cortesía parlamentaria.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que eles non dixeron no tema da rúa Rof Codina, fala da importancia das obras, din as ocusas que lle parecen ben e as que están mal,

claro que queda moito mellor a zona C do que estaba. Se tivera vostede Facebook, e non utilizara o do Concello. Di que el puxo que se estaban cambiando as luces e queda moito mellor, o que quere aclarar que hai determinadas cousas que se fan se poden facer doutra maneira, claro que haberá promotores que queiran todo ese terreo e todo xunto, xa lle fixo vostede ese traballo. Fala de que é absolutamente simplista poñer estes nomes.

Intervén D^a Katherinie Varela en relación co que dixo vostede que estaban recoñecendo boas obras, vostede siga proxectando o que deixaron os populares.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que di vostede cousas que non son así. Vostedes se queixaban que se asfaltaba demasiado, e logo di vostede D. Germán, porque ten que ter Facebook, polo tanto non ten obrigación de telo, e non utilizara o do Concello. O seu Facebook mellor non velo para non ter que facer algunhas cousas, que non vai calificar. Os gobernos non utilizan os medios que teñen a súa disposición. E logo falaba de promotores, o Concello non é ningún promotor, está urbanizando, saneamento, abastecemento e alumado.

Dille a D. Katherinie dicía vostede, o que se fixo o seu alcalde, foi facer o plan parcial, eses solos que eran non edificables, para convertilos en solo urbanizable, o proxecto de urbanización foi agora. Agora houbo que facer proxecto, aqueles veciños se abonan a cantidade que lle corresponde terán os seus solares, e se non pagan a parte proporcional do coste pasará a ser municipal, e o Concello o poñerá no mercado. Aquí xa veu algún promotor que quería comprar todo.

Sometido o asunto a votación aprobouse por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dous votos en contra dos concelleiros do Grupo Mixto.

14º.- APROBACIÓN DA DENOMINACIÓN DO PARQUE DA GARDERÍA.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o informe da Secretaría Xeral que sinala:

1º. O procedemento de asignación de denominacións veñen recollidas na Ordenanza Municipal Reguladora da Denominación e Rotulación das vías públicas no seu artigo 8 que establece que:

“Artigo 8. Desenvolvemento

- 1. Abrirase un expediente por cada operación a realizar (primeira denominación e cambio de denominación) e realizaranse todos os estudos que*

procedan para asegurar a idoneidade do nome proposto segundo a zona de situación da vía.

- 2. O Concello solicitará os informes e documentos que considere oportunos, tanto a departamentos municipais como a entidades ou organismos externos que poidan ou deban de participar na decisión (así, por exemplo: informe do Departamento de urbanismo do Concello sobre o trazado, as características e a categoría da vía a nomear ou informe do Departamento de Estadística sobre a viabilidade do cambio de denominación).*
- 3. A proposta, con todos os seus informes, someterase ao Pleno da Corporación, logo do ditame da Comisión Informativa correspondente, para a súa aprobación provisional”.*

2º.- Existe Memoria da Alcaldía sobre a xustificación da denominación proposta.

3º.- Existe informe de Urbanismo sobre as características e trazado dos parques e paseo.

4º.- Non se precisa informe do Departamento de Estadística xa que non se produce un cambio de denominación.

Polo exposto, infórmase favorablemente.

Polo exposto, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente o nomemento como PARQUE DA GARDERÍA MUNICIPAL.*

SEGUNDO.- *Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por vinte días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, debendo anunciarse no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos da Corporación e na páxina web do Concello.*

TERCEIRO.- *No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.”*

Sometido o asunto a votación aprobouse por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dous votos en contra dos concelleiros do Grupo Mixto.

15º.- APROBACIÓN DA DENOMINACIÓN DO PASEO DA GARDERÍA.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo

Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o informe da Secretaría Xeral que sinala:

1º. O procedemento de asignación de denominacións veñen recollidas na Ordenanza Municipal Reguladora da Denominación e Rotulación das vías públicas no seu artigo 8 que establece que:

“Artigo 8. Desenvolvemento

- 1. Abrirase un expediente por cada operación a realizar (primeira denominación e cambio de denominación) e realizaranse todos os estudos que procedan para asegurar a idoneidade do nome proposto segundo a zona de situación da vía.*
- 2. O Concello solicitará os informes e documentos que considere oportunos, tanto a departamentos municipais como a entidades ou organismos externos que poidan ou deban de participar na decisión (así, por exemplo: informe do Departamento de urbanismo do Concello sobre o trazado, as características e a categoría da vía a nomear ou informe do Departamento de Estadística sobre a viabilidade do cambio de denominación).*
- 3. A proposta, con todos os seus informes, someterase ao Pleno da Corporación, logo do ditame da Comisión Informativa correspondente, para a súa aprobación provisional”.*

2º.- Existe Memoria da Alcaldía sobre a xustificación da denominación proposta.

3º.- Existe informe de Urbanismo sobre as características e trazado dos parques e paseo.

4º.- Non se precisa informe do Departamento de Estadística xa que non se produce un cambio de denominación.

Polo exposto, infórmase favorablemente.

Polo exposto, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente o nomemento como PASEO DA GARDERÍA MUNICIPAL.*

SEGUNDO.- *Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por vinte días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, debendo anunciarse*

no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos da Corporación e na páxina web do Concello.

TERCEIRO.-*No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional."*

Sometido o asunto a votación aprobouse por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dous votos en contra dos concelleiros do Grupo Mixto.

16º.- APROBACIÓN DA DENOMINACIÓN DO PARQUE DE COBAS.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

"Visto o informe da Secretaría Xeral que sinala:

1º. O procedemento de asignación de denominacións veñen recollidas na Ordenanza Municipal Reguladora da Denominación e Rotulación das vías públicas no seu artigo 8 que establece que:

"Artigo 8. Desenvolvemento

- 1. Abrirase un expediente por cada operación a realizar (primeira denominación e cambio de denominación) e realizaranse todos os estudos que procedan para asegurar a idoneidade do nome proposto segundo a zona de situación da vía.*
- 2. O Concello solicitará os informes e documentos que considere oportunos, tanto a departamentos municipais como a entidades ou organismos externos que poidan ou deban de participar na decisión (así, por exemplo: informe do Departamento de urbanismo do Concello sobre o trazado, as características e a categoría da vía a nomear ou informe do Departamento de Estadística sobre a viabilidade do cambio de denominación).*
- 3. A proposta, con todos os seus informes, someterase ao Pleno da Corporación, logo do ditame da Comisión Informativa correspondente, para a súa aprobación provisional".*

2º.- Existe Memoria da Alcaldía sobre a xustificación da denominación proposta.

3º.- Existe informe de Urbanismo sobre as características e trazado dos parques e paseo.

4º.- *Non se precisa informe do Departamento de Estadística xa que non se produce un cambio de denominación.*

Polo exposto, infórmase favorablemente.

Polo exposto, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente o nomemento como PARQUE DE COBAS.*

SEGUNDO.- *Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por vinte días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, debendo anunciarse no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos da Corporación e na páxina web do Concello.*

TERCEIRO.- *No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.”*

Sometido o asunto a votación aprobouse por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dous votos en contra dos concelleiros do Grupo Mixto.

17º.- APROBACIÓN DA DENOMINACIÓN RÚA ROF CODINA, DENDE A AVENIDA DE GALICIA ATA A RÚA COBAS.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o informe da Secretaría Xeral que sinala:

1º. O procedemento de asignación de denominacións e rotulación das vías públicas e da numeración de edificios, veñen recollidas na Ordenanza Municipal Reguladora da Denominación e Rotulación das vías públicas no seu artigo 8 que establece que:

“Artigo 8. Desenvolvemento

- 1. Abrirase un expediente por cada operación a realizar (primeira denominación e cambio de denominación) e realizaranse todos os estudos que procedan para asegurar a idoneidade do nome proposto segundo a zona de situación da vía.*
- 2. O Concello solicitará os informes e documentos que considere oportunos, tanto a departamentos municipais como a entidades ou organismos externos*

que poidan ou deban de participar na decisión (así, por exemplo: informe do Departamento de urbanismo do Concello sobre o trazado, as características e a categoría da vía a nomear ou informe do Departamento de Estadística sobre a viabilidade do cambio de denominación).

- 3. A proposta, con todos os seus informes, someterase ao Pleno da Corporación, logo do ditame da Comisión Informativa correspondente, para a súa aprobación provisional”.*

2º.- Existe Memoria da Alcaldía sobre a xustificación da denominación proposta.

3º.- Existe informe de Urbanismo sobre as características e trazado dos parques e paseo.

4º.- Non se precisa informe do Departamento de Estadística xa que non se produce un cambio de denominación.

Polo exposto, infórmase favorablemente.

Polo exposto, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente o nomemento como RUA ROF CODINA, dende a Avenida de Galicia ata a rúa Cobas.*

SEGUNDO.- *Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por vinte días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, debendo anunciarse no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos da Corporación e na páxina web do Concello.*

TERCEIRO.- *No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.”*

Sometido o asunto a votación aprobouse por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

18º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, DO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcribe a proposta da alcaldía:

ANTECEDENTES

1. *Estudio económico elaborado por ADADE LUGO SL, de data 09.09.2022*
2. *Informe de necesidade, de data 09.09.2022, asinado pola Coordinadora en funcións dos Servizos sociais municipais*
3. *Prego técnico, de data 09.09.2022 asinado pola Coordinadora dos Servizos sociais municipais.*
4. *Providencia de inicio da Concelleira de Servizos Sociais, de data 12.09.2022*
5. *Documento RC, de data 12.09.2022 contra a aplicación 231 22706, do vixente orzamento municipal.*
6. *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, de data 12.09.2022*
7. *Informe de Secretaria, de data 12.09.2022*
8. *Informe de Fiscalización, de data 12.09.2022*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- *De acordo co artigo 25.1 da Lei 7 /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) o Concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.*

2.- *O artigo 25.2 e) da LRBRL cita, entre as competencias propias dos Concellos as de “Evaluación e información de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social”.*

3.- *Os artigos 131 e 156 a 158 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) pala que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,(en adiante LCSP), permite tramitar o expediente de contratación deste servizo polo procedemento aberto con pluralidade de criterios, por razón da súa contía xa que o seu valor estimado é de 6.091.258,00 € máis IVE, e porque se establecen como criterios de adxudicación conceptos obxectivos e conceptos avaliábeis mediante xuízo de valor.*

4.- *O artigo 22.1 c) da LCSP recolle que, atendendo ao valor estimado do contrato superior a 750.000 euros, o expediente está suxeito a regulación harmonizada. Así mesmo, será susceptible de recurso especial en materia de contratación (artigo 44 da LCSP).*

5.- *A competencia para contratar, de conformidade co previsto no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda da LCSP, correspóndelle ao Pleno por superar o importe do contrato o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento.*

*Por canto antecede, elévase ao Pleno da Corporación a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

1º.- APROBAR o expediente de contratación de “**AXUDA NO FOGAR**” (EXP. 055-SERPA22) polo importe de 3.188.350,24 € máis o IVE correspondente, que fai un total de **3.351.482,40 €** e unha duración de **dous anos**, coa posibilidade de prorrogarse anualmente por outros dous.

2º.- APROBAR o prego de cláusulas administrativas e o prego de cláusulas técnicas que rexerán en dita contratación.

3º.- APROBAR o gasto correspondente, con cargo á partida orzamentaria 231 22706 do vixente orzamento xeral municipal.

4º.- DISPOÑER a apertura da adxudicación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada ao abeiro do artigos 22.1 c) e 156 a 158 da LCSP, o existir un orzamento cun valor estimado superior a 750.000 €.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que agora se fan as cousas de xeito axeitado. Tanto costaba facer as cousas en xeito? Di que non entende a diferenza da kilometraxe dos traballadores que están de antigo e cos novos.

Intevén D. Jaime Germán sinala a súa abstención, dicindo que agora se fan as cousas doutro xeito.

Intervén D^a Katherinie Varela di que lle chama a atención que se suben do 6,5 os custos salariais. Todos os conceptos económicos serán actualizados ao IPC do ano anterior, non sabe a que ben que primeiro momento o estudo económico dicir que non é se aplica o 6,5% e agora din que si, non entenden que manteñan o do recurso. Non pode votar a favor porque lle parece que falta detalles que están resoltos e deberían ampliarse os importes.

Intervén D. Ibán Torres manifesta que se trae un novo expediente de contratación. Isto supón que o contrato ascende ao 11% do presuposto do Concello, fala do esforzo moi grande para tapar a deixadez da Xunta de Galicia, fala dos importes das horas. Para chegar ao prezo se tivo o coste da man de obra así como todos os costes laborais derivados do convenio colectivo. Fala da obrigaón do contratista empresa de cumprir a normativa laboral. Por tanto é deber de obrigaón do contratista empresa cmprir o convenio da relación cos traballadores, o Concello non ten relación laboral coas traballadoras. Di que non quere deixar o 84% dos gastos de explotación do servizo corresponde a persoal. Pese a suba insignificante

da Xunta de Galicia, este Concello debe abonar ao redor de 9 euros hora prestada, a cantidade resulta extremadamente elevada, fala da competencia exclusiva da Xunta. Di que este goberno si que pón en primeira liña as persoas.

Intervén D. Emilio José Sánchez sinala que agora o que ten que ter éxito a licitación. Di que eles non van votar en contra.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que vanse abster fala dos informes que sempre son positivos hai tres meses e agora, e agora hai uns cambios as cantas volven a dar e tamén veñen abalados por uns informes.

Intervén D^a Katherinie Varela agradecéndolle a D. Ibán que lle dea permiso para votar en contra. Sempre que se debate este tema sae a relucir que é culpa da Xunta, o que teñen que facer é poñerse a actuar coa Xunta, non sabe se o fan para confundir ao persoal, a lei que regula a dependencia, o servizo de axuda a domicilio ten que ser algo no que competen as tres administracións, están sempre co mesmo, actúen deixen de ximotear. Vostedes cobran unhas taxas segundos os ingresos de cada usuario, se vostede le a constitución española non hai unha competencia especifica que poña competencia social. Repite que hai 121 expedientes que están pendentes de asignar horas e deberían de telos en conta.

Intervén D. Ibán Torres manifestando que oe cousas que non entende. A constitución é un marco dun estado de dereito, non é un marco competencial. Eso de dicir que os Concellos o teñen que facer porque o fixeron sempre, o ten que facer porque non os fan outros. Fala dos prezos que pagan outros Concellos, Sober 12 euros, Pantón 12 euros, Saviñao 15,95 euros, O Incio 11,17 euros, o Concello de Lugo chega ata 17,04 euros, iso para xustificar abstencións.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que cando se mezcla todo pódense quitar conclusións equivocadas. Di que no prego que se trae aquí o único que se fai é cumprir o compromiso que se pediu neste pleno, cando saíu a resolución do TACGAL, fala da aplicación do 6,5% pero si froito da negociación colectivo o acordo fose de 5, evidentemente se revisaría iso, porque non se vai engordar os beneficios á empresa. Se o convenio di 6,5% se pagará iso, se di o 4 se pagara iso, vaise a pagar o que firmen, iso é conveniente que se saiba.

Dille a D. Emilio que as cousas ben feitas se fixeron dende o principio. Na lei de presupostos o convenio está denunciado e hai dúas sentenzas do tribunal supremo que van na liña do Concello.

Dille a D^a Katherinie horas de axuda no fogar, a Xunta paga a hora a 11 euros, e pagou despois de que a Fegamp montara en cólera porque resulta pagaba 9 euros, conseguiron para este ano arrancarlle 2 euros, pero di que con isto vai poñer o Concello por riba do que paga a Xunta 9 euros, nunha competencia da Xunta estatutaria, onde ten as competencias, porque o Concello ten que pagar o 45% do custo que ten que pagar, governe quén governe. Así que dille que si a Xunta paga o

que ten que pagar, di que se xestionan agora mesmo, paganinis da Xunta non. Di que están xogando políticamente coas persoas que o necesitan. Fala da atención temperá é unha competencia da Xunta, a Xunta de Galicia para botar balóns fóra, da unha subvención e contrata ti, subvención que mañá pode quitar, se é unha competencia da Xunta que a pague a Xunta. Fala que no hospital hai unha sala para iso, queren que a poña o Concello, cumpra vostede coa súa competencia e poña a andar igual que en Lugo e Burela, a Xunta ten que ser sensible.

Di que a Lei de Bases de Réxime Local di claramente que calquera competencia que se lle pase aos Concellos ten que ir acompañada dunha memoria cos gastos. Non se poden pasar as comeptencias aos Concellos sen dar os medios para xestionalos.

En canto as horas que ten a Xunta e as que se poden pedir, non se estaría neste debate se a Xunta respectara a lei de dependencia ao 100% porque daquelas había unhas coidadoras que lles pagaba un salario á seguridade social, agora privatizaron todo e agora iso é así.

Pero se alguén defende os intereses dos traballadores é o Partido ao que pertence porque que acaba de facer xunto co socio de goberno un cambio da reforma laboral. Di que por lei o goberno non ten tempo o dí para que se saiba. Dito iso hai unha cousa que non quería deixar pasar por alto, pero que vostede veña aquí a poñer en cuestión os informes dos habilitados nacionais deste Concello, fala de informes chocantes, que coñecementos ten vostede para calificalos desa maneira, como firman eles son os responsables do que firman, non cre que asinan para cometer prevaricación, di que el sería máis considerado cos funcionarios que non están na política.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do grupo Mixto.

19º.-MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE SOBRE CAMBIO DE NOME DA OFICINA DO PEREGRINO.

Esta moción non foi dictaminada ao non estar o presentante da mesma.

Transcríbese a proposta da moción:

“Instamos o equipo de goberno a cambiar o nome da oficina de atención o peregrino e que pase a chamarse OFICINA AIDA MENEDEZ LORENZO DE ATENCION O PEREGRINO”.

De seguido prodúcese as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que a el as couas pódennlle parecer chocantes ou o que sexa. Segue coa lectura da moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que xa se explicou antes como se debería de facer, non dúbida do agradecemento a esta persoa, que realizou o traballo, ben merece iso. Fala da súa abstención.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que van apoiar esta iniciativa.

Intervén D. Ibán Torres manifesta o respecto e cariño e o recoñecemento que fixo polo camiño de inverno. D^a Aida fixo un esforzó moi importante, paralelamente houbo asociacións, municipios e outros persoas que loitan para o camiño de inverno.

Di que a oficina do peregrino é unha oficina municipal, é un centro de interpretación do camiño de inverno e non de ningunha persoa en particular.

Fala de que no ano 1993 da presentación no Parlamento por dous deputados do PSOE do recoñecemento do camiño de inverno, porque entendían que este camiño é tan camiño como o camiño denominado francés, xa daqueles na súa proposición os dous deputados indicaba que había referencias do camiño de inverno.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifesta dando as grazas.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que xa explicou o por qué, non é que esta persoa non mereza esa recoñecemento, e que se deben facer as cousas cun baremo e buscar un sistema para nomear.

Intervén D^a Katherinie Varela manifesta que escoitando ao Sr. Ibán venlle unha frase “acusación manifiesta” recorda do pleno de axuda a domicilio e vostede reprochou que estaba dando unha volta kilométrica para excluir á Xunta das súas responsabilidades. A eles vaille parecer ben sempre que se queira dignificar o nome dunha persoa que sexa monfortina.

Intervén D. Ibán Torres di que vaia por diante o respecto a D^a Aida Menéndez polo seu esforzo e dedicación. Falando o tema das rúas debería superarse o tema dos personalismos. Fala de que se está apoderando da memoria doutro. Fala da dúbida do oportunismo político esta aí.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que non lle vai explicar o que lle une con Aida Menéndez, di que se os monfortinos lle dan a confianza, garante que van apoiar ese tema, non vai polemizar con este tema. De todas formas vir aquí a falar de oportunismo político, isto non é máis que se chama a oficina co nome dunha persoa que traballou por e para Monforte.

Sometido o asunto a votación desestímase por maioría, con cinco votos a favor do concelleiro de Esperta Monforte (Grupo Mixto) e dos concelleiros/a do Grupo Municipal Popular, unha abstención do Concello do BNG (Grupo Mixto) e dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista.

20º.-MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA LEVAR A CABO UN PLAN DE ACTUACIÓN DE MELLORA DO BARRIO DO CASAR.

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“Que o equipo de goberno leve a cabo un plan de actuación no cal se mellore integralmente o urbanismo do Barrio do Casar que consista en mellorar os camiños e rúas, rozala maleza que achega ó asfalto e sobre todo mellorar o asfalto da rúa Vigo arranxando o problemas da árbores”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que de agora en diante o seu partido vai presentar mocións relativas a queixas que os veciños lle formulen. Continúa dando lectura a moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifesta que van votar a favor. Chegaron vostedes á periferia, vostedes abstiveronse cando o BNG dixo chegar á periferia. Trouxeron que se reparese esa fochanca, e sobre todo dúas cousas que lembran vostedes fala dun paso de peóns a altura da rúa Aviles de Taramancos. Fala de que a Xunta de Galicia digne a dignificar con electrificación a ronda, e dotar de mobiliario urbano.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que é unha moción que presenta cunhas fotos que saltan á vista, fala das deficiencias e lle parece o convinte.

Intervén D. Ibán Torres non sabe de que ese mal estado se corresponde a obras de Aqualia e comunicar que xa está avisada para realice a reposición nas mesmas condicións que estaban. Se vostede é sincera convendrá con el que nunca tan ben coidados estiveron as rúas. Teñen que aproveitar vostedes dunha obra inconclusa para presentar estas mocións. Traer a este pleno incidencias que están máis que xustificadas que son reparacións que se están levando a cabo para beneficiar a veciños de Monforte. Fala das diferentes actuacións que realizou o equipo de goberno no barrio do Casar, di que a foto está rebuscada. Sinala que cre que se algo saben os operarios é realizar o mantemento ao longo do ano.

Intevén D^a Katherinie Varela di que xa despois destes anos xa se espera o que van dicir e o que van contestar, é duro que propostas se traen ao pleno porque case sempre votan en contra. REcoñeceron problemas no asfalto por obras que están en

execución, sen rematar, non comenta nada das árbores na rúa Vigo, fala da maleza, di que a eles lle trasladan que o presentaron no Concello. Di que a súa obrigaón por ser oposición, non soamente hai que resaltar as deficiencias, senón que tamén son representantes de persoas que lle votaron, e persoas que se poñen en contacto con eles. Se hai tantos cartos para realizar cousas porque non arranxan o que está aquí. Fala que hai varios e teñen enormes grietas nas raíces, boten un vistazo ás árbores.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que entende que lles poda facer gracia, pero se á vista das fotos dalle a sensación que isto esta ben, logo non falen de seriedade, tampouco sería tan grave dicir que van velos, negar a evidencia.

Intervén D. Ibán Torres dicíndolle a D. Jaime Germán que non se entera de nada. Fala dunhas herb as riba da estrada, unha greta dun asfalto, vostede non pide que se repare, vostede a consecuencia diso o que fai é dicir que se mellore integralmente o barrio do Casar, vostede está distorsionando a realidade. Por iso se vota en contra, se lle resulta jocoso é porque nas fotos existe unha desproporción absoluta.

Intervén D^a Katherinie Varlea dicindo que para a próxima vez traerá un book de fotos. Obviamente por cuestión de economía, de tempo e de papel trouxeron as máis significativas. Incide no tema das árbores, de que revisen como están todos os asfaltos desas rúas, lle están advirtindo de barrios que cren que necesitan unha boa reparación.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que actuaron en todos os barrios de Monforte. Decía vostede antes que son previsibles, iso é moi bo. Dalle as grazas.

Se alguén fixo nos poucos anos que levan mandando, obras en todos os barrios foi o actual equipo de goberno, e en todas as parroquias, que pode quedar algún bache por aí poderá quedar, pero as fotos demostran xustamente o contrario do que vostede di, porque vostede trae aquí como xeral de todo o barrio cando son catro cousas, fala de reparacións mal feitas non son fochancas. O barrio do Casar foi desbrozado no mes de xuño. Fala vostede de raíces das árbores, pero que esta greta que vostede di que pon en perigo, lle parece que está esaxerando moito. En canto á rúa Castro Dactonio, aquí pode haber algunha obra de Aqualia, parte da terra que vostede ve aquí non é de Aqualia, fala dunha obra dunha persoa feita sen licenza. Fala de que hai reposicións que non está ben feitas, e Aqualia está advertida foi tempo, enviouse un condicionado para repoñer as obras, que non o está facendo ben en todos os casos é certo.

Di que non hai tanto diñeiro o que hai é que o diñeiro que se ten o gestionan ben, aquí houbo anos que se liquidaron 18.000.00 millóns de euros de presuposto. O que se está a facer co presuposto que teñen imaxine vostede.

Sometido o asunto a votación desestímase por maioría, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto e dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista.

21º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIAL NO PASO DA VÍA DE TREN NA PARROQUIA DE PIÑEIRA.

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“Que o goberno local leve a cabo, ou faga as xestións oportunas para que o organismo competente o leve a cabo, a creación dun paso peonil elevado sobre a vía do tren á altura da saída da estrada que une Piñeira coa estrada de Ourense”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que esta iniciativa di que xa a trouxeron a esta cámara o BNG, incluso á ampliación á estrada de Sober, que tamén tiña unha problemática similar, daquela un pouco máis influenciada por unhas barandas, e polo tanto eles van votar a favor porque isto é o mesmo. Di que ás veces hai que escoitar cousas, métese vostede señor alcalde en cada charco, porque di verdades a medias, en 2021, 15.000,00 millóns de euros, 2022, 14.000,00 euros, quere dicir o orzamento é preto de 15.000,00 millóns, pero non falan do remantnete, é diñeiro que dispón o Concello para invertilos.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestando o seu voto a favor.

Intervén D. Ibán Torres manifestando que ddespois de que os gobernos que houbo aquí, ningún alcalde fixo unha actuación sobre esta ponte. Fala de que é unha zona que non ten a mesma intensidade de viadantes, todo isto que reclama vostede pode ser unha anécdota. O que non pode existir é que non exista unha zona de vía que non estea vallada, nas prioridades que afectan a viadantes é noutros puntos onde se está actuando o di con verdadeiro coñecemento de causa, porque mire sabe o que conleva este tipo de situacións. Fala de prioridades máis urxentes sobre as que se está actuando. Sinala que o voto será en contra.

Intervén D^a Katherinie Varela dicidno que a iniciativa é moi sinxela, pode apoiala, realizar xestións para pedirillo a ADIF, pero polo menos vostedes recoñecen os riscos que entrama cruzar a vía do tren.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles trouxeron ao pleno foi mellorar o tránsito peonil na opnte de Piñeira, se deste xeito facendo un paso elevado se soluciona, eles van apoialo. Sinala que ha vería que buscar o xeito para mellorar o tránsito peonil.

Intervén o S.r Alcalde dicíndolle a D. Emilio que no charco meteuse vostede, sinala que el estaba falando do diñeiro que recibías presupostariamente o Concello, solamente no Plan E recibiu 3 millóns de euros, non falou do remanente, que sería a maiores. Fala do reparto da Deputación provincial dun millón de euros aos Concellos que tiñan máis de 10.000 habitantes, fala de diñeiro contante e sonante, non falaba de remanentes, en todo caso os remanentes habería que fracionalos, non son para sumalos a un ano, vostede meteuse nunha piscina que ten máis auga. En relación con Piñeira, di que se actou en todo, se vostede recorda, fixo a rúa como nova, sinalizada, astaltouse con rego, fixéronse unha cantidade en Piñeira tremendas, un montón de pistas e estradas en Piñeira. Sinal a que si se puidera facer un gálibo máis grande sería bo, ou amplira o ancho da estrada nese punto, todo é cuestión de prioridades. Manifesta que eles están traballando con Renfe e con Adif noutras obras moi importantes para Monforte, porque iso si vai ser moi relevante para o Concello de Monforte, di que están traballando nel. Fala da ponte, donde hai un pilar que estaba pousada na área, non tiña armazón metálica no seu interior era simplemente cemento, agora vai levar un pilar con estrutura metálica anclado, e o resto dos pilares que en principio non teñen problema.

Sometido o asunto a votación desestímase por maioría, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto e dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista.

22º. –MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE A MELLORA NA ATENCIÓN PRIMARIA.

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro . Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e oito abstencións dos condos concelleiros/as do Grupo Municipal Sociasta e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“A pleno desta Corporación que apoie a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galiza, integrada por organización Sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende: que o Parlamento Galego, debata e aprobe as seguintes medidas:

. Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.

. Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvaguardar a calidade da atención aos pacientes.

Acta pleno ordinario 26.09.2022

- . *Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.*
- . *Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urxencias pechados durante os últimos anos.*
- . *Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc, para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.*
- . *Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia,.*
- . *Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia.*
- . *Poñer en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Area Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción presentada. Di que é unha iniciativa de SOS SANIDADE PÚBLICA que pon de manifesto a realidade da sanidade.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que estase diante dunha moción tipo na que se describe a situación da sanidade pública, iniciativa popular para defensa da atención primaria. Amosando o seu voto a favor.

Intervén D^a Katherinie Varela di que é unha iniciativa legislativa popular promovida pola plataforma SOS, di que a eles xa lle trasladaron o argumentario de datos, igual iso é o que falta aquí máis datos máis concreción. En canto á moción que lles parece xenérica, fala de recortes, pero di que a eles se lle facilitan datos que aumentaron., di que a media diaria de profesionais. En canto ao profesional de atención primaria di que hai 100 millóns de euros máis, todo isto para rebatir o dos recortes. Di que a atención presencial xa está establecida, o que si é certo é que dan opción de atención telefónica. Estaría ben de que mínimos falan por habitante de persoal e de centros. A temporalidade é algo xeral, que é recorrente en toda a administración pública, fala da estabilización de 3.500,00 prazas por unha obriga europea. No 28.04.2018 o PP decide acordar varios acordos cos conselleiros de sanidade de varias comunidades autónomas para acadar varias prazas de medicina de familia, algo que finalmente non se levou a cabo. Di que se deben de crear da praza formativa despois do exame MIR, estase demorando a especialidade de medicina de urxencia e emerxencias. Fala de que presentan algo xenérico e sen medidas concretas.

Intevén D^a Pilar Espinosa dicindo que a situación sanitaria en Galicia en moi mala e grave, e da atención primaria está na UCI, di que levan moitos anos, sobre todo dende que governa o PP en Galicia, a pandemia debería haber sido un punto de inflexión para darse conta de que a situación da sanidade é mala, pero foi todo o contrario. Fala de que isto non é problema de agora, que se agudizou cada vez máis, a Xunta é coñecedora de todas estas carencias, de feito está obrigando ao cidadáns que poda permitírselo que acuda á sanidade privada, de feito nalgunhas ramas no hospital incluso superiores a un ano. Fala de clínicas privadas nos que a maioría do persoal é persoal do Sergas, o que fai que este negocio sexa redondo, xa que les non fan en nin gún momento ningunha formación, a Sanidade a situación é grave, polo respecto á provincia de Lugo e de Monforte de Lemos. Fai unha radiografía do estado crítico, fala de alarma sanitaria, situación dramática, a políticas levadas a cabo, abandono da atención primaria. Di que hai unha enorme dificultad da poboación para poder acceder aos centros de saúde, si que é verdade pese a que haxa consulta presencial se prima a consulta telefónica, a presencial é fundamental para garantir a saúde. Fala da lista de espera enorme, que supera ás veces os quince días. Fala da atención sanitaria das persoas maiores, o persoal ten unha situación moi delicada, con inestabilidade, precariedade laboral, e fala da sobrecarga asistencial. Fala de contratos de días, de semanas ou meses, o que fai que moita xente de vaia a outras comunidades autónomas ou ao estranxeiro. Di que esta situación leva anos así e foise agravando. En canto aos datos que di D^a Katherinie, a Xunta no ano 2020 deixou sen gastar os gatos de sanidade, recortáronse 900 camas hospitalarias, unha cifra inferior a comunidades como Aragón, Asturias, La Rioja ou Cataluña, 7,7 quirófanos por cada 1.000 habitantes. A temporalidade creceu entre o 2012 e o 2018.

Intervén D. Emilio José Sánchez fala dos datos, entende e dille a D^a Katherinie que isto é complicado, isto no é para atacalos nesta cámara, pero ás veces é indefendible. Fala de que hai médicos que se xubilaron e non se cubriron as prazas, polo tanto a Xunta de Galicia ten datos, o que lle deron a vostede non se fie moito.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que efectivamente non deixe de supervisar os datos que lle dan, estase a sufrir un problema moi grave na atención primaria xa tiña despois do tema do COVID-9 moitísimos máis. Fala de que hai un problema e hai que solucionalo, e eses datos que trouxo vostede hai que collelos con moito tino.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que non votaran nunca en contra de algo que é bo para Monforte. Podemos prohibir a iniciativa privada e que todo sexa público, por outra banda forma parte da liberdade, é unha realidade. Hai un problema de médicos coa atención primaria, hai un problema coas prazas MIR, mentres se teñan esas limitacións non se pode facer nada. Hai solucións sobre a mesa sen utilizalo como algo político. Fala de que é un problema xeral.

Intervén D^a Pilar Espinosa sinala que a Xerencia é única, antes existía unha xerencia de primaria, independe da hospitalaria, non hai nada que ver o que fai agora co que se facía antes. Fala dos Concellos da provincia, que teñen graves falta de persoal, hai sitios onde nestes meses de verano soamente houbo un médico. Di que no centro de saúde hai que falar dunha mala previsión, neste momento hai cinco prazas sen cubrir. Fala do peche das consultas de tarde e facer que prolonguen as xornadas chegando a ter 100 pacientes ao día. Fala de que o concurso de traslados non vai definitivo, en Pediatría dos facultativos de baixa, e a facultativa tivo problemas para coller as vacacións, con respecto ás prazas de MIR si que é verdade que non foron cubertas, pero os médicos de primaria vanse de Galicia porque a situación de traballo é moito peor que noutras comunidades autónomas.

Intervén D. Emilio José Sánchez dille a D^a Katherinie que fala vostede dos intereses de Monforte, se o acaba de dicir el e a Sra. Espinosa, a Monforte lle afecta dunha maneira directa. En Monforte enfermeiras en seis meses suman 12 contratos, co que ilusión pode ir unha rapaza a traballar, se ten traballo noutro sito marcha. Falaba vostede que non entendía o tema do persoal médico, administrativo, pediatría.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría, con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e Grupo Mixto e catro abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

23º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (29.07.22, 04.08.22, 08.08.22 (2), 23.08.22 (2) E 14.09.22).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

24º.- DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL, 2º TRIMESTRE 2022.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 2º trimestre de 2022, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

25º.- DACIÓN DE CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE, 2º TRIMESTRE 2022.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 2º trimestre de 2022, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 7,98 € e a efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 2º trimestre de 2022:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

26º.- DACIÓN DE CONTA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2023

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello das liñas fundamentais do orzamento para o 2023.

27º.- DACIÓN DE CONTA REPAROS ANUALIDADE 2021.

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que na súa redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, dáse conta do informe das resolucións contrarias ós reparos formulados pola Intervención Xeral municipal anualidade 2021.

28º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA DESESTIMATORIA DO RECURSO INTERPOSTO POLA AGRUPACIÓN VOLUNTARIOS PROTECCIÓN CIVIL.

Dáse conta da sentenza desestimatorio do recurso interpostdo pola Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

29º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGO DO BNG RE 15946

Que o Concello de Monforte de Lemos, desenvolva os necesarios traballos de reparación e mantemento nestas estruturas

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que se pediu un informe e lles dixo que a súa valoración era que non tiñan risco, iso non quere dicir que non haxa que vixiar.

PREGUNTA DO BNG RE 15497

Ten pensado este goberno tomar as medidas necesarias para solucionar este problema?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que ese problema que vostede ve el non o ve nin o ve a Policía Local, nunha comercial é normal que haxa tráfico, nalgunha rúa

próxima si que actuaron sobre ela. Nestes momentos non ven neste momento necesidade de actuar, preto da rúa Chantada algo se fará sinala o Sr. Alcalde.

ROGO DE ESPERTA MONFORTE RE 15507

Este rogo foi retirado polo seu presentante.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o rogo que tiña formulado que ten lindezas. Os medios de comunicación públicos, son do órgano ao que pertencen. Non son follas parroquias son medios de comunicación do Concello de Monforte, debería ser un pouco máis respectuoso con esas cousas.

Rogo “ in voce” sobre os gastos de luz nas Lamas.

PREGUNTA DE ESPERTA MONFORTE RE 15509

Ten pensado o Concello facer algún estudo de aforro enerxético e de auga no noso Concello co fin de ser austeros nesos consumos?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que xa se están facendo cousas para aforrar, xa se están cambiando as luces, por luces led. Cando se está traballando na red por iso están as luces encendidas e cando rematan de traballar as apagan.

PREGUNTAS PARTIDO POPULAR RE 15587

Que pasou este verán no campo do pavillón da Pinguela e cando está previsto que entre en funcionamento?

Cando ten previsto este Concello aprobar a relación de postos de traballo?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o que pasou foi segundo os técnicos que cando sembraron o nove céspede despois cambiarlle a capa, debido ás altas temperaturas no rego, aparece un hongo, que foi matando a herba por parcelas e houbo que tratalo, en cuestións durante o mes de outubro estará para poder xogar. Por outra banda o campo Luis Bodegas vale para xogar perfectamente.

En relación coa segunda pregunta dicirlle que vai aprobarse moi pronto.

ROGOS DO PARTIDO POPULAR RE 15587

Que se proceda ao arranxo do asfalto da rúa Doutor López Suarez.

Que se proceda á supervisión e arranxo das pedras da rúa Santo Domingo e se proceda a correcta suxección das que se atopan mal suxeitas ó chan.

Resposta o Sr. Alcalde con respecto ao rogo número dous se se move algunha pedra haberá que arranxalo, a rúa Santo Domingo está moi ben.

En canto á rúa Dr. López Suárez vostede ven tarde e di cousas que non son. Fala que hai proxectos para arranxar máis cousas alí. Di que no mes de outubro está previsto que o faga a empresa OVISA. Fala doutras cinco ou seis rúas que están contratadas.

Remata a sesión sendo ás once horas e corenta e tres minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE